



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

RESOLUCIÓN

ASUNTO: ADXUDICACION DA CONTRATACION DA OBRA DENOMINADA "MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS:FORNELOS, CARBALLÁS, FORMARIZ E A VEIGA", INCLUÍDA NO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018-AGADER

FEITOS:

1 Por Resolución da Alcaldía-Presidencia Nº 4/2018, do día 4 de xaneiro de 2018, aprobose o expediente para a licitación e contratación polo sistema de procedemento aberto, tramitación urxente cun único criterio de valoración: factor prezo da obra denominada: "Mellora de camiños municipais: Fornelos, Carballás, Formariz e A Veiga", incluída no Plan de Mellora de Camiños Municipais 2017-2018 – AGADER.

2 Na mesma Resolución prestouse aprobación os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexeu a licitación e contratación da obra de referencia.

3 Publicáronse anuncios da licitación da contratación da mencionada obra no BOP Nº 7 de data 10 de xaneiro de 2018, no xornal "La Voz de Galicia" da mesma data, así como no perfil co contratante, na páxina web do Concello www.concellodacapela.es.

4 No prazo establecido ó efecto presentaron ofertas as seguintes empresas:

- Construcciones Canosa, S.L.
- Transportes Canosa e Hijos, S.L.
- Excavaciones Saavedra y López, S.L.
- Obras y Viales Cerne, S.L.
- Construcciones Leonardo Miguelez, S.L.
- GR Construcciones, Obras y Servicios, S.L.U.
- Ágada Occidente, S.L.
- Obras y Saneamientos Galicia, S.L.
- José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S.A.
- SYR – AMG, S.L.U.
- Villasuso Ortegá, S.L.
- Excavaciones Santiños, S.L.
- Asfalgal Técnicas Várias, S.L.
- Hordescón, S.L.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

5 A Mesa de Contratación Permanente do Concello reúneuse o día 2 de febreiro de 2018 para en unidade de acto proceder a apertura dos sobres A) documentación e sobre C) oferta económica.

6 Como resultado do anterior solicitouse xustificación por incorrer en baixa temeraria ás ofertas das seguintes empresas:

- GR Construcciones, Obras y Servicios, S.L.U.
- José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S.A.

7 Achegada a documentación solicitada as empresas incursas en baixa temeraria os Servizos Técnicos Municipais emitiron informe o día 19 de febreiro de 2018 estimando xustificada a baixa temeraria presentada pola empresa José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S.A., e desestimando a documentación xustificativa da baixa temeraria presentada pola empresa GR Construcciones, Obras y Servicios, S.L.U.

8 A Mesa de Contratación Permanente do Concello reunida o día 22 de febreiro de 2018, acordou propoñer ó órgano de contratación competente (Alcalde-Presidente) a adxudicación da obra de referencia á proposición presentada pola empresa José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S.A., polo prezo de 27.950,00 €, IVE incluído, o considerar xustificada a baixa de acordo coa documentación presentada pola empresa e informada favorablemente polos Servizos Técnicos Municipais e ser a oferta economicamente máis ventaxosa.

9 A empresa José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S.A., presentou no prazo establecido ó efecto a documentación prevista no prego de cláusulas administrativas particulares previa a adxudicación do contrato.

E tendo en conta os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- Artigos 21.1, letras a) e b), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Disposición Adicional Segunda do RDL 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSP)
- Bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2018.

Visto o anterior,

RESOLVO:



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Primeiro: Adxudicar a contratación da obra denominada “Mellora de camiños municipais: Fornelos, Carballás, Formariz e A Veiga”, incluída no Plan de Mellora de Camiños Municipais 2017-2018 – AGADER, a proposición presentada pola empresa José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S.A., polo prezo de 27.950,00 €, IVE incluído, o ser a oferta máis ventaxosa economicamente e ter xustificada a baixa temeraria.

Segundo: Nomear Director de Obra o Arquitecto Municipal D. Marcos Ferreiro Suárez.

Terceiro: Proceder dentro do prazo establecido no prego de cláusulas administrativas particulares á sinatura do contrato administrativo de execución de obra.

Cuarto: Notificar a presente resolución ás empresas que concorreron á licitación e contratación da obra de referencia.

O Secretario,

José Antonio Meizoso Paz

Vº e Prace

O Alcalde,

Manuel Meizoso López